

ROMANCE DE DON GAIFEROS:

O Romance é un tipo de poema característico da tradición ibérica. Son típicos da tradición oral e normalmente son poemas narrativos de gran diversidade temática. En canto á métrica, esta composición pode definirse como unha serie indefinida de versos octosílabos con rima asoante nos pares, quedando soltos os impares.



Guillermo X, duque de Aquitania, é probablemente o protagonista deste romance, quizais un dos máis antigos que se conservan en lingua galega. Cantado polos xograres e posteriormente polos cegos, chegou ata os nosos días grazas a eles. Gaiferos de Mormaltán era o nome cabaleiresco desta personaxe que chegou en peregrinación ata Compostela onde morreu, diante do Apóstolo Santiago.

Este tema foi recuperado e gravado por primeira vez polo musicólogo ourensán Faustino Santalices, a quen lle debemos o legado de moitas cantigas por el recuperadas, así como a revitalización da zanfona, un instrumento que estudou, reconstruíu e do cal deixou a máis interesante das gravacións plasmada nun L.P. realizada no ano 1949.

- **Escoita a canción de Luar na Lubre e completa os ocos coas palabras que faltan:**

<p><i>I onde vai aquil romeiro, meu romeiro a donde irá, camiño de Compostela, non sei se alí</i></p> <p><i>Os pés leva cheos de sangue, xa non pode máis, malpocado, probe vello, non sei se alí chegará.</i></p> <p><i>Ten longas e brancas, ollos de doce mirar, ollos gazos leonados, verdes como a do mar.</i></p> <p><i>-I onde ides meu romeiro, onde queredes? Camiño de Compostela donde teño o meu</i></p> <p><i>-Compostela é miña terra, sete anos hai, relucinte en sete soles, brilante como un altar.</i></p> <p><i>-Cóllase a min meu velliño, vamos xuntos, eu son trobeiro das trobas da Virxe de Bonaval.</i></p>	<p><i>- I eu chámome don Gaiferos, Gaiferos de Mormaltán, se agora non teño forzas, meu Santiago mas</i></p> <p><i>Chegaron a Compostela, foron á Catedral, Ai, desta maneira, Gaiferos de Mormaltán:</i></p> <p><i>-Gracias meu señor Santiago, aos vosos pés me tes xa, si queres tirarme a vida, pódesma señor tirar, porque contento nesta santa Catedral .</i></p> <p><i>E o vello das brancas barbas caíu tendido no chan, Pechou os seus verdes, verdes como a auga do mar.</i></p> <p><i>O bispo que esto oíu, alí o mandou, E así morreu señores, Gaiferos de Mormaltán.</i></p> <p><i>Iste é un dos moitos miragres que Santiago Apóstol</i></p>
--	--